



O agradecemento da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega para o Sr. D. Valentín García, Secretario Xeral de Política Lingüística, polo seu apoio ás actividades do Ciclo Escritores/as na Universidade.

Director de Área de Planificación do Campus, José María Faílde Garrido.

Sra. Decana da Facultade de Ciencias da Educación, Mar García Señorán.

Profesoras Isabel Mociño e Susa Herrera, desta Facultade de Ciencias da Educación e coordinadoras do ciclo.

Amigas e amigos:

É especialmente ilusionante para a AELG iniciar este *Ciclo de Literatura Infantil. Música e Poesía dende a primeira infancia* nunha Facultade de futuros e futuras ensinantes.

Porque a música e a poesía viven, son a cerna, o lugar primeiro no íntimo, onde pousa e se materializa o sentir, o ouvir sentindo, nos alicerces do ser que os conformará, nenos e nenas, rapaces e rapazas, para poderen fundar dentro de si as formas basilares da beleza, a que alimentará o seu mundo, o mundo no que modelar as súas emocións, o mundo que lles trazará a liña da vida nas súas pequenas maos onde nacerá o infinito, un universo transcendente a salvo das continxencias do que é efémero e non permanece.

Como dicía o poeta grego Iorgos Sarandaris, a poesía axudaraos, non a escribir nos seus días futuros a memoria dunha vida, senón a crónica dos traballos do espírito, palabra tan querida por don Ramón Otero Pedrayo, que dende esta cidade iluminou os valores da nosa conciencia de Galegos.

A música e a poesía salvaraos deste mundo refractario á interrogación, que mal tolera ideas realmente novas, que moldea os nosos pensamentos, enchéndoos de confusos silencios.

Eles e elas, rapaces e rapazas construtores de futuros, que en palabras da escritora Toni Morrison non aceptarán o empobrecemento sistemático das ricas linguaxes que habitan o noso idioma e que nos permiten non renunciar á complexidade do noso pensamento. Porque é unha determinada maneira de ollar a vida, o mundo, os afectos, todo o que abre as portas á luz sen límites do coñecemento.

E antes de lle dar xa paso ao seguinte membro da mesa, só dicir, en palabras do escritor Joan Margarit referíndose á poesía: "A conquista da verdade moral é o segredo do poema. Porque dicir a verdade non está ao alcance de todos nin é un don regalado, senón unha conquista moral que chega antes ou despois, mais pode non chegar nunca". Para que a verdade chegue e ilumine o ser e o sentir dos nosos rapaces e rapazas, sexan a música e a poesía quen os acompañen dende a primeira infancia.

*Cesáreo Sánchez Iglesias*

*Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega*

*Ourense, 5 de outubro de 2016*